

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO VALDEORRAS PARA A CELEBRACIÓN DAS XORNADAS DE PORTAS ABERTAS NA RUTA DO VIÑO VALDEORRAS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Ruta do Viño Valdeorras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento do marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Ruta do Viño Valdeorras, para o apoio á celebración das Xornadas de portas abertas na Ruta do Viño Valdeorras. A Asociación como entidade organizadora dos actos das Xornadas ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo.

A promoción deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico



galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

No exercicio destas funcións, a Axencia está interesada en apoiar á Asociación no desenvolvemento das actividades programadas pola Asociación dentro da celebración das Xornadas de portas abertas nas Rutas dos Viños de Galicia, por ser unha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística galega vinculada ao enoturismo.

Segundo.- A Asociación Ruta do Viño Valdeorras xurdiu dun proxecto europeo de cooperación transfronteriza España-Portugal no que Turismo de Galicia era socio. O seu labor resulta esencial para a promoción do enoturismo no territorio que abrangue, xa que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico do territorio, cuxa finalidade principal é o fomento das actividades que potencien o viño como un elemento diferenciador da oferta turística galega.

A Asociación ten como ámbito de actuación o territorio que ocupa a Denominación de Orixe Valdeorras, que comprende os Concellos da Rúa, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco, O Bolo, Petín, Rubiá e Vilamartín.

É fin principal da Asociación servir de instrumento público-privado de cooperación para mellorar a competitividade da industria vitivinícola e desenvolvemento do enoturismo, así como valorizar a identidade cultural do territorio.

Terceira.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta artículase a través de misións, sendo unha delas Galicia, destino auténtico e diferencial. Dentro desta misión, a medida 1.4 Enoturismo, o viño como elemento diferencial ten como obxectivo posicionar a Galicia como un destino de referencia no ámbito do enoturismo, potenciando o viño como un elemento diferenciador da oferta turística galega. En concreto, a través da colaboración entre as cinco Rutas do Viño de Galicia, búscase desenvolver experiencias únicas e sostibles, mellorar a comercialización e promoción destas iniciativas e consolidar a imaxe de Galicia como un destino enoturístico auténtico e de alta calidade co obxectivo de mellorar a vertebración do sector enoturístico galego.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da



subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a Asociación arriba indicada a única entidade organizadora da xornada de portas abertas na Ruta do Viño Valdeorras, no marco das Xornadas de portas abertas nas Rutas do Viño de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

